

CRÉDITOS BRANDOS ÓS UNIVERSITARIOS AFECTADOS POLO SINISTRO DO PRESTIGE

Os créditos serán dun máximo de 3.005 euros ó ano para os alumnos que cursen estudos en Galicia e de 6.010 para os que teñan que desprazarse fóra do Comunidade

A Administración Autónoma, a través da Dirección Xeral de Universidades, facilitaralle ós estudantes universitarios galegos afectados polo sinistro do Prestige o acceso a créditos bancarios sen intereses.

Esta iniciativa enmárcase no programa de axudas que o Goberno galego está a poñer en marcha para apoiar os damnificados polos vertidos do Prestige e suporá que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aboará ás entidades bancarias o xuro que lle correspondería pagar ó alumno solicitante do crédito.

Esta medida permitirá que os estudantes poidan gozar de préstamos subsidiados a moi baixo interese e a un prazo de amortización moi amplo, facilitándolle a continuación dos seus estudos universitarios, tanto de 1º e 2º ciclo, como de terceiro.

CONTÍA

A contía dos créditos bancarios será, como máximo, de 3.005 euros ó ano para os universitarios que cursen os seus estudos nalgunha das tres universidades galegas, e de 6.010 euros para aqueles alumnos que, tendo a súa residencia en Galicia, estean a estudar nalgunha universidade de fóra da Comunidade autónoma e que, polo tanto, teñan que afrontar máis gastos por mobilidade.

Segundo o acordo asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e varias entidades financeiras, o departamento de Educación farase cargo do 3,5 por cento dos xuros, mentres que as caixas de aforro e bancos asinantes do acordo aboarán o restante 2%.

BENEFICIARIOS

Estas axudas poderán solicita-las os estudantes universitarios que teñan superado un mínimo de 60 créditos nas ensinanzas de primeiro ciclo e un mínimo de 120 créditos nas de 1º e 2º ciclo. Así mesmo, poderán acceder a estes préstamos os alumnos matriculados na etapa de formación do 3º ciclo.

A convocatoria das axudas publicarase no Diario Oficial de Galicia no ano 2003, e estruturarase en dúas ordes: unha para estudantes universitarios que cursen estudos de diplomatura ou licenciatura e outra para os estudantes dos cursos de doutoramento.